

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

*Resolución do 7 de outubro de 2008 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.*

En sesión que tivo lugar o día 29 de setembro de 2008, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos, acordou, de conformidade co disposto na base III.9 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 11 de novembro de 2008, no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 17.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, dun lapis do nº 2 e dunha goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de instrumentos electrónicos.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2008.

Bertha Rey-Conde Fernández  
Presidenta do tribunal

### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Corrección de erros.-Resolución do 27 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de traslados para a cobertura de postos de traballo de persoal sanitario funcionario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma.*

Advertido erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 173, do 8 de setembro de 2008, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 16.805:

-No punto I).1.2 (Permanencia) do anexo IV onde di: «Para os efectos anteriores (valoración do traballo desenvolvido e permanencia)», debe dicir: «Para os efectos anteriores (valoración do traballo desenvolvido)».

-No punto II.2 do anexo IV onde di: «Grao de suficiencia investigadora», debe dicir: «recoñecemento da suficiencia investigadora».

-No punto II.2 do anexo IV onde di: «Grao de doutor», debe dicir: «Título de Doutor».

### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 9 de setembro de 2008 pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos de docentes universitarios.*

En cumprimento do disposto na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (en adiante LOU), no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (en adiante RDH), e a teor do establecido no decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio (DOG do 17 de xuño), polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña (no sucesivo EUDC).

Esta reitoría, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36 dos EUDC, conforme o acordo adoptado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 30 de xuño de 2008, resolveu convocar o correspondente concurso de acceso á praza do corpo de funcionarios docentes universitarios que se relaciona no anexo I desta resolución, comunicada no seu día á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos de habilitación, con suxeición ás seguintes bases:

#### 1. Normas xerais.

1.1. Estes concursos rexeranse polo disposto na LOU, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (en adiante LRX-PAC), no RDH, nos EUDC, na normativa pola que se regulan os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, aprobada por acordo do Consello de Goberno da Universidade da Coruña do 29 de abril de 2005, por estas bases de convocatoria e, con carácter supletorio, polo previsto na lexislación xeral de funcionarios civís do Estado.